



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Investigación e innovación das Linguas Iniciais e as súas Literaturas	Código	652513219	
Titulación	Mestrado Universitario en Didácticas Específicas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio	Correo electrónico	xulio.pardodeneyra@udc.es	
Profesorado	Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio	Correo electrónico	xulio.pardodeneyra@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A10	Coñecer os fundamentos teóricos que sustentan a investigación e innovación no ámbito das Didácticas Específicas
A12	Identificar as principais liñas de investigación e innovación e a súa evolución nas Didácticas Específicas.
A13	Analizar e valorar criticamente investigacións e proxectos de innovación en ámbitos disciplinares específicos.
A14	Coñecer diferentes tipos de metodoloxía que se empregan na investigación educativa considerando a súa pertinencia para a resolución de problemas concretos
A15	Identificar criterios de calidade e control, tanto na investigación como na práctica docente, fomentando o espírito crítico, reflexivo e innovador.
A16	Deseñar, xustificar, organizar e avaliar propostas para a investigación e a innovación no ámbito das Didácticas Específicas.
A17	Seleccionar, adaptar e aplicar materiais e recursos TIC e doutra índole, para mellorar o ensino e a aprendizaxe das diferentes ámbitos disciplinares.
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B6	Capacidade de análise e síntese.
B8	Traballar de forma autónoma e con iniciativa.
B9	Traballar de forma colaborativa.
B10	Capacidade de organización e planificación en ámbitos educativos disciplinares e interdisciplinares.
B11	Capacidade de innovar (creatividade) dentro de contextos educativos escolares e non escolares.
B12	Comportarse con ética e responsabilidade social e ambiental como docente e/ou investigador.
B13	Ser capaz de comunicarse cos seus compañeiros, coa comunidade educativa e coa sociedade en xeral no ámbito das súas áreas de coñecemento.
B14	Incorporar as TIC no proceso de investigación e a xestión da información, a análise de datos e a difusión e comunicación de resultados
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
<p>Se atendemos ás competencias, ben xerais, ben específicas, principalmente centradas na:</p> <ul style="list-style-type: none"> - capacidade para resolver problemas - comunicación oral e escrita na propia lingua - habilidade no uso das TIC - capacidade de crítica e autocrítica - compromiso ético - capacidade para aprender a traballar de forma autónoma - comprender e posuír coñecementos - aplicación de coñecementos - capacidade de emitir xuízos - capacidade de comunicar e aptitude social - habilidade para a aprendizaxe - adquisición dunha formación básica en instrumentos, técnicas e recursos para a investigación en Didáctica da Lingua e a Literatura - aplicar coñecementos básicos na construción de instrumentos de investigación e análise de datos coñecemento e análise do marco epistemolóxico da Didáctica da Lingua e a Literatura - identificación das liñas de investigación na Didáctica da Lingua e a Literatura: investigación centrada en procesos, metodoloxías, contextos, crenzas e contidos - deseño e desenvolvemento dun proxecto de investigación no ámbito da Didáctica da Lingua e a Literatura; <p>estaremos, portanto, a destacar os seguintes obxectivos / resultados da aprendizaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> - coñecer as características e métodos propios da investigación en Didáctica da Lingua e a Literatura - identificar as principais liñas de investigación nesta Área de Coñecemento - deseñar un proxecto de investigación utilizando unha metodoloxía coherente e adecuada aos obxectivos do estudo - saber describir e contextualizar os problemas específicos relacionados coas metodoloxías de investigación no ámbito das Ciencias Sociais (sen deixar á parte os das Humanidades) 	AP10	BP1	CP1
	AP12	BP4	CP3
	AP13	BP6	CP6
	AP14	BP8	CP8
	AP15	BP9	
	AP16	BP10	
	AP17	BP11	
		BP12	
		BP13	
		BP14	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A investigación en Didáctica da Lingua e a Literatura: ámbitos e métodos. 2. Liñas de investigación en Didáctica da Lingua e a Literatura. 3. Aproximación ao deseño dun proxecto de investigación en Didáctica da Lingua e a Literatura. 4. Recollida, tratamento e análise de datos en Didáctica da Lingua e a Literatura. 5. Conclusiones de la investigación.	3. 1. Deseño dun proxecto de investigación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A10 A12 A13 A14 A17 B4 B6 B9 B10 B12 B13	5	5	10
Aprendizaxe colaborativa	C1 C6 C8	15	5	20



Traballos tutelados	A15 A16 B1 B8 B11 B14 C3	15	25	40
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Trátase de presentar a cadeira através do significado da Área e o achegamento bibliográfico, que se ofrecerá, atendendo ás necesidades do alumnado, nas sesións aulares
Aprendizaxe colaborativa	Procurarase, através de debates, postas en común, exposicións e/ou participacións activas, que o grupo se implique e descubra o significado da investigación en DLL galega
Traballos tutelados	Ofrecerase un abano amplo para que os alumnos e alumnas elixan o que queren facer, propóndolles a realización dun ou varios traballos que se tratarán nas aulas

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	<p>Actividades iniciais con traballo bibliográfico e análise de fontes de información. Discusión e desenvolvemento das liñas que rexen no ámbito da DLL, especial e loxicamente no espazo da cultura galega</p> <p>Traballos titorizados que o propio alumnado decida construír, coa axuda e a guía do docente, que lles proporcionará bibliografía e pautas para o seu desenvolvemento</p> <p>Aprendizaxe colaborativa através de postas en común, exposicións, discusións e traballos de baleirado de información, resumos e traballos puntuais</p>
Aprendizaxe colaborativa	
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Actividades iniciais	A10 A12 A13 A14 A17 B4 B6 B9 B10 B12 B13	Consulta e baleirado de fontes bibliográficas e presentación do que é o mundo da investigación en DLL galega	20
Aprendizaxe colaborativa	C1 C6 C8	Postas en escena e postas en común, participación aular e demostración de enteiraza á hora de afrontar unha sesión aular	20
Traballos tutelados	A15 A16 B1 B8 B11 B14 C3	Realización de traballos titorizados a respecto de resumos, consultas e realización de proxectos que lles poidan ser de interese ao alumnado. Neste sentido, trazarase e acordarase co grupo que tipo de traballos se realizarán, ofrecéndolles variedade e atendendo ás súas necesidades e/ou gustos	60

Observacións avaliación
Consistirá na asistencia ás aulas, na participación aular e, se caso, combinándoo co alumnado, na realización de traballos escritos ou unha proba, mais sempre combinándose e acordándoo previamente co grupo

Fontes de información	
Bibliografía básica	A bibliografía de consulta, amais de descubri-la nas aulas, entregarase durante o primeiro día, e irase descubrindo ao longo das aulas. Loxicamente, partirase das propias investigacións do docente no ámbito da DLL
Bibliografía complementaria	

Recomendacións	
Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Análise de experiencias interdisciplinares/652513204	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente	



Materias que continúan o temario
Observacións
Atenderase especialmente aos conceptos de interdisciplinidade e investigación no ámbito das Ciencias Sociais e Humanidades

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías